



MATEMÁTICAS EN EDUCACIÓN INFANTIL VIVENCIACIÓN E MANIPULACIÓN

F2501025 – CFR FERROL

Lucía Abad Sánchez

Outubro 2025 - Febreiro 2026



PROGRAMACIÓN

1. **CONTEXTUALIZACIÓN. LÓGICO-MATEMÁTICA (8/10/2025)**
2. SENTIDO NUMÉRICO.(29/10/2025)
3. SENTIDO ESTOCÁSTICO. (17/12/2025)
4. SENTIDO DA MEDIDA. (14/01/2026)
5. SENTIDO ESPACIAL. (28/01/2026)
6. POSTA EN COMÚN DE ACTIVIDADES E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS. (11/02/2026)

CURRÍCULO

- **OBXECTIVOS DA ETAPA (Artigo 7)**

g)Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, la lectura e na escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

- **COMPETENCIAS CLAVE (Artigo 8)**

c)Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CURRÍCULO

- **PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS (Artigo 15)**

2. A práctica educativa basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo.

4. Sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e a escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas...

CURRÍCULO

- **Atención á diversidade (Artigo 19)**

2. A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estlo cognitivo das nenas e os nenos.

4 e 5. Os centros docentes e o profesorado adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e ás necesidades persoais do alumnado.

CURRÍCULO

- **Competencias Clave (Anexo I)**

STEAM – COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA

O alumnado iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.

O proceso de ensino aprendizaxe expónse dende un contexto divertido e suxestivo no que se estimula a curiosidade do alumnado por entender a súa realidade, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Invítase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna.

Preséntase especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básica, manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

CURRÍCULO

- **Currículo das áreas (Anexo II)**

3. DESCUBRIMIENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

Bloque 1 – Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos.

- ✓ Obxectos e materiais.
- ✓ Identificación das calidades e atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- ✓ Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- ✓ Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- ✓ Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- ✓ Construción de nocións espaciais básicas.
- ✓ Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- ✓ Adquisición das nocións de tempo nas actividades cotiás e a súa organización.

CURRÍCULO

- **Currículo das áreas (Anexo II)**

3. DESCUBRIMIENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

Bloque 2 – Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade.

- ✓ Pautas de indagación na contorna.
- ✓ Estratexias de construción de novos coñecementos.
- ✓ Modelo e control de variables: Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-error, observación, experimentación, plantexamento e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e busca de distintas fontes de información.
- ✓ Estratexias de planificación, organización e autorregulación de tarefas.
- ✓ Estratexias para propoñer solucións.
- ✓ Coevaluación do proceso e o resultado.
- ✓ Habilidades do pensamento computacional.
- ✓ Relacións de causa-efecto na manipulación de obxectos.
- ✓ Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

FASES DA APRENDIZAXE:




VIVENCIAL: Experimentando co propio corpo




MANIPULATIVA: Utilizando obxectos da vida real ou materiais didácticos para modelizar e concretar as ideas matemáticas.



GRÁFICA: Representando a través de debuxos diagramas e esquemas as ideas matemáticas.



SIMBÓLICA: Escribindo en linguaxe matemática todas as ideas adquiridas nas fases anteriores.






LÓXICO-MATEMÁTICA



CUESTIÓN PREVIAS:

- ✓ Importancia da verbalización.
- ✓ Todos os razoamentos poden ser lóxicos.
- ✓ Por que?
- ✓ Desvincular o “non” da mentira/falso e o “si” da verdade.

BLOQUES LÓXICOS:



- 1º - Cor
- 2º - Forma
- 3º - Tamaño
- 4º - Grosor



ACTIVIDADES DE IDENTIFICACIÓN:

✓ CARACTERÍSTICAS OBXECTIVAS / SUBXECTIVAS

ACTIVIDADES DE CLASIFICACIÓN:

- ✓ 1º CLASIFICACIÓN LIBRE: VERBALIZAR.
- ✓ CLASIFICACIÓN SEGUINDO UN CRITERIO.
- ✓ CLASIFICACIÓN SEGUINDO VARIOS CRITERIOS.

*Delimitar o conxunto.



ACTIVIDADES DE ORDENACIÓN:

- ✓ Implica relacionar un elemento co anterior.
- Cualitativa: Alumnado por cor de pelo (Do máis claro ao máis escuro).
- Cuantitativa: Alumnado por altura, peso...



4 gr.



12 gr.



44 gr.



46 gr.



82 gr.

ACTIVIDADES DE SERIACIÓN:

- ✓ Ordenar atendendo a un patrón que se repite.
- Cualitativa: Color do mandilón do alumnado (vermello – azul)
- Cuantitativa: Idade do alumnado, peso, altura... (Máis de x – menos de x)

“Imos facer un tren de círculos e triángulos”

“Agora imos facer un tren de círculos e triángulos de tal forma que non pode haber triángulos xuntos nin círculos xuntos”

1º - Damos o patrón e o nº de veces que se repite.

2º- Descubren o patrón e o nº de veces que se repite.

*É moi importante marcar cal é o patrón e cantas veces se repite.

ACTIVIDADES DE IGUALDADE/DIFERENZA:

- ✓ 1º Relacións de igualdade  Relacións de diferenza.
- ✓ É moi importante verbalizar, describir.

ACTIVIDADES DE DISXUNCIÓN:

- ✓ Damos a elixir entre 2 atributos.
- Primeiro traballamos atributos coa mesma calidade (ex. Cor).
- Despois traballamos atributos relativos a distintas calidades (ex. Cor e forma).

TÁBOA DA DISXUNCIÓN:

<u>p</u>	<u>q</u>	<u>p o q</u>
V	V	V
V	F	V
F	V	V
F	F	F

ACTIVIDADES DE INTERSECCIÓN:

- ✓ Trabállanse subconxuntos que pertencen a outros conxuntos.
- ✓ Teñen que chegar eles mesmos a ese concepto.

TÁBOA DA CONXUNCIÓN:

<u>p</u>	<u>q</u>	<u>p y q</u>
V	V	V
V	F	F
F	V	F
F	F	F



ACTIVIDADES DE TRANSFORMACIÓN:

- ✓ Identificar os atributos que cambian.
- ✓ Identificar a forma na que eses atributos cambian.

MATERIAIS:

- BLOQUES LÓXICOS:

https://drive.google.com/drive/folders/1CMwA_FOtD6Uu-hNvtE9iJy7h95c7pRMQ?usp=sharing

- POLICUBOS:

https://drive.google.com/drive/folders/1t6YIRVv_enkB5MVYB7u27UNtN5lpErgp?usp=sharing